

CONCELLO DE RIANXO -**- PROVINCIA DE A CORUÑA-****ACTA Nº 3/2016****SESION ORDINARIA - PLENO MUNICIPAL - DIA 25 DE FEBREIRO DE 2016**

<p><u>MARXE QUE SE CITA:</u></p> <p>ASISTENTES</p> <p><u>PRESIDENTE:</u></p> <p>ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- BNG</p> <p><u>CONCELLEIROS/AS:</u></p> <p>ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG</p> <p>HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG</p> <p>XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA.- BNG</p> <p>TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG</p> <p>RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG</p> <p>M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP</p> <p>JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.-PP</p> <p>ELISA BOUZAS VICENTE.- PP</p> <p>M^a JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP</p> <p>CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ.- PP</p> <p>M^a CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE</p> <p>FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE</p> <p>M^a DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE</p> <p>MARTÍN COMOJO VICENTE.- PSOE</p> <p>ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON</p> <p>JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON</p> <p><u>CONCELLEIROS AUSENTES:</u></p> <p><u>SECRETARIO:</u></p> <p>DALMIRO NÚÑEZ MÉNDEZ</p> <p><u>INTERVENTORA:</u></p> <p>PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ</p>	<p>Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:00 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia do Secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.</p> <p>Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte</p> <p>ORDEN DO DIA</p> <p>I PARTE DE ADOCIÓN DE ACORDOS</p> <p>1 Aprobación da acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/01/2016, Acta nº 2016/02</p> <p>2 Compensación dos investimentos pendentes de amortización do contrato da concesión da piscina municipal no período 2009-14</p> <p>3 Recoñecemento extraxudicial 3/2016.</p> <p>4 Desafectación Escola vivenda Vacariza.</p> <p>II PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO</p> <p>5 Dación de conta das Resolucións da Alcaldía dende o 01/01/2016 ata 31/01/2016 que van dende o nº 1/2016 ao nº 21/2016.- e das actas da Xunta de Goberno local: acta nº 1 ordinaria de 11/01/2016 e acta nº 2 ordinaria de 25/01/2016.</p> <p>6 Dación de conta do informe de seguimento do Plan de Axuste 4º trimestre 2015.</p> <p>7 Mocións de urxencia</p> <p>8 Rogos e preguntas</p>
---	---

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

Antes do inicio da sesión propónse incluír o seguinte asunto como punto número 1:

“Toma de posesión do novo concelleiro MARTÍN COMOJO VICENTE”

A urxencia da súa inclusión na orde do día motívase en que chegou ao concello a súa credencial de concelleiro e presentou a declaración de bens e intereses e que non concorre causa de inexibilidade ou incompatibilidade, polo que procede darlle a toma de posesión.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Non hai intervencións.

Votase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor:	DEZASETE	6 de BNG 5 de PP 4 de PSdeG-PSOE 2 de Rianxo en común
Votos en contra:	NINGÚN	0 votos
Abstéñense de votar:	NINGUÉN	0 votos

Adopta este acordo:

ÚNICO. INCLUÍR como punto número 1 da orde do día o seguinte:

“Toma de posesión do novo concelleiro MARTÍN COMOJO VICENTE”

1 Toma de posesión do novo concelleiro MARTÍN COMOJO VICENTE

O 18/02/2016 ten entrada no concello a credencial de concelleiro deste concello de Don MARTÍN COMOJO VICENTE (RE 822 do 18/02/2016).

Conforme ao artigo 108.8 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no momento da toma de posesión e para adquirir a plena condición do cargo de concelleiro, o candidato ten que xurar ou prometer acatamento á Constitución.

O Real decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se determina a fórmula de xuramento ou promesa para a toma de posesión de cargo ou funcións públicas, establece que cargo xurarase ou prometerase.

Intervén Don MARTÍN COMOJO VICENTE .

Presta a promesa que cada concelleiro debe realizar.

“Prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro, con lealdade a El Rei, gardando e facendo gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

A continuación o alcalde felicítalo e dálle a benvida.

A Corporación súmase a esta benvida ao novo concelleiro cun aplauso.

2 Aprobación da acta da sesión que do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/01/2016, Acta 2016/02

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non hai observacións.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor:	DEZASETE	6 de BNG 5 de PP 4 de PsdeG-PSOE 2 de Rianxo en común
Votos en contra:	NINGÚN	0 votos
Abstéñense de votar:	NINGUÉN	0 votos

adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/01/2016, Acta 2016/02.

SEGUNDO. INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

3 Compensación dos investimentos pendentes de amortización do contrato da concesión da piscina municipal no período 2009/2014

O concelleiro Tobías Betanzos Rego (BNG) da conta da Proposta que consta no expediente.

Dita proposta facilitóuselles aos membros da Corporación e o seu contido literal é:

<<ANTECEDENTES DO EXPEDIENTE:

➤O 05/03/2014 rexístrase de entrada un escrito da empresa Serviocio, SL na que expónse que o día 28/02/2014 finaliza o contrato administrativo de xestión do servizo público “Piscina Municipal do Concello de Rianxo e reclaman un importe

previsto contractualmente, que cuantifican en 69.823,03 €, máis o IVE correspondente, resultando un total de **84.485,87 €**. Presentan unha factura pola dita contía. Así mesmo, solicitan a devolución da garantía definitiva.

Dentro do importe que liquidan, distínguese:

- O importe pendente de amortizar dos investimentos de primeiro establecemento que realizaron como obra contractual

- Os gastos financeiros, que xustifican cun cadro de amortización de elaboración propia

➤ O 09/06/2014 reiteran a reclamación anterior ante o silencio da Administración

➤ O 30/10/2014 a Intervención Municipal emite un informe no que emítense as seguintes conclusións:

“...4. CONCLUSIONES

1. Debe devolverse a factura co fin de acreditar documentalmente o importe reclamado do custo inicial dos investimentos de primeiro establecemento netos da súa amortización acumulada.

2. En relación aos gastos financeiros indícase que o seu cálculo non se corresponde coa redacción do prego, polo que debe revisarse e xustificar documentalmente o seu cálculo, co fin de verificar a súa suxeición ao contrato.

3. En relación ao IVE non corresponde a súa repercusión, de acordo coas consultas vinculantes da DXT V2339-07 e V2159-09, que consideran que a reversión dos investimentos neste tipo de contratos non constitúen feito imposable do imposto”.

➤ O 30/10/2014, dítase a Resolución da Alcaldía núm. 604 no que acórdase non prestar conformidade á factura polos seguintes motivos:

“Precísase da seguinte información para verificar o importe a compensar:

1. En relación ao importe pendente de amortizar:

- O maior das contas do inmovilizado cos movementos relativos aos investimentos de primeiro establecemento realizados en virtude da cláusula terceira do PCAP da concesión, relativo a todos os anos de vixencia da concesión administrativa.

- O maior das contas do IVE soportado deducible relativos aos ditos investimentos nos anos de vixencia da concesión. Indicación da súa deducibilidade ou non, así como a explicación sobre a aplicación da regra da prorrata, no seu caso, coa xustificación dos rexistros contables.

- O maior das contas da dotación da amortización e a da amortización acumulada relativas aos investimentos dos gastos de primeiro establecemento, para todos os anos de vixencia da concesión administrativa.

2. En relación aos gastos financeiros:

A documentación que se achega coa reclamación realiza un cálculo tomando como base o importe ofertado da amortización anual, o que non coincide coa redacción do prego de cláusulas.

Para unha correcta verificación e informe debe revisarse a base de cálculo dos gastos financeiros e coa correspondente documentación orixinal ou cotexada que a xustifique (contrato de préstamo bancario, recibos bancarios acreditativos do pagamento e co detalle do importe correspondente á amortización e aos gastos financeiros). Así mesmo, achegarase a explicación detallada e cuantificada do importe resultante que se solicita.

O prezo facturado non se corresponde cos termos pactados.

3. Outros:

En relación ao IVE non corresponde a súa repercusión, de acordo coas consultas vinculantes da DXT V2339-07 e V2159-09, que consideran que a reversión dos investimentos neste tipo de contratos non constitúen feito imponible do imposto”.

➤O 24/06/2015 rexístrase de entrada (núm. 5663) un escrito remitido pola empresa Serviocio, SL un escrito no que detallan a amortización de cada un dos investimentos adquiridos para a xestión da piscina, incluíndo os gastos de primeiro establecemento e das melloras ofertadas; dos gastos financeiros e a xustificación da repercusión do IVE. Neste escrito, o importe reclamado ascende a **111.800,42 €**.

➤O 16/09/2015 rexístrase de entrada (núm. 7206) un escrito por Serviocio, en reiteración da solicitude presentada no escrito anterior.

➤O 07/10/2015 requíreselle ao contratista que presente unha aclaración en relación ao cálculos dos gastos financeiros, dándolle para elo un prazo de 10 días hábiles desde a recepción do escrito. A notificación realízase o 08/10/2015.

➤O 15/10/2015 preséntase en Correos a información solicitada

➤O 19/10/2015 emítese polo Departamento de Deportes, a petición da Intervención, un informe sobre os investimentos de Serviocio na Piscina Climatizada

➤O 24/11/2015 esta Intervención emite un informe sobre a compensación solicitada concluíndo na necesidade de que Serviocio complete a súa solicitude.

➤O 26/11/2015 remíteselle o requirimento a Serviocio da documentación indicada no antedito informe de Intervención, que notifícaselle o 30/11/2015.

➤O 11/12/2015 a empresa presenta unha solicitude de ampliación do prazo de emenda polo tempo máximo permitido en virtude do art. 49 LRXPAC

➤O 11/12/2015 apróbbase o Decreto da Alcaldía núm. 633/2015 no que se acorda ampliar o prazo de presentación da documentación por outros 3 días hábiles a maiores. O dito decreto notifícaselle á empresa o 15/12/2015.

➤O 16/12/2015 Serviocio, SL presenta en Correos a documentación en resposta ao requirimento formulado e rexístrase de entrada no concello o 18/12/2015, con número 9120.

Á vista do expediente, a Intervención Municipal emite o seu informe o 25/01/2016, coas seguintes consideracións xurídicas e conclusións:

“3. INFORME

3.1 Comprobación da suficiencia ou non da documentación presentada

No seguinte cadro resúmese se a documentación presentada e ou non suficiente:

Documentación requirida	Documentación presentada	Presentación	Observacións
Copia cotexada das contas anuais da cada un dos anos da concesión administrativa depositada no Rexistro Mercantil, xunto coa información relativa á explotación da piscina no Concello de Rianxo prevista na cláusula 3.13 PPT. Esta última deberá acompañarse dun informe de auditoría que acredite a correcta imputación contable	<ul style="list-style-type: none"> - Conta de resultados da concesión da piscina de Rianxo - Contas anuais depositadas no Rexistro Mercantil do período 2009-14. As relativas ao exercicio 2014 non están completas 	Parcial	<ul style="list-style-type: none"> - As contas anuais non están cotexadas - Non se presenta o informe de auditoría - Nesta Intervención non consta a documentación completa das contas anuais do 2014
<p>A información solicitada en virtude da Resolución da Alcaldía núm. 604, do 30/10/2014 co visto e prace do auditor acreditado como tal:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O maior dfas contas do inmovilizado cos movementos relativos aos investimentos de primeiro establecemento realizados en virtude da cláusula terceira do PCAP da concesión, relativo a todos os anos de vixencia da concesión administrativa - O maior das contas do IVE soportado deducible relativos aos ditos investimentos nos anos de vixencia da concesión. Indicación da súa deducibilidade ou non, así como a explicación sobre a aplicación da regra da prorratea, no seu caso, coa xustificación dos rexistros contables - O maior das contas da dotación da amortización e a da amortización acumulada relativas aos investimento dos gastos de primeiro establecemento, para todos os anos de vixencia da concesión administrativa 	Non engade ningunha documentación	Non	<ul style="list-style-type: none"> - Non desagrega o importe dos investimentos de primeiro establecemento da cláusula 3 PCAP e o das melloras - No escrito presentado o 22/06/2015 xa se indicara que o IVE non se activou (entendo que é deducible na súa totalidade) e que, polo tanto, non inflúe no cálculo do valor neto contable. Existe un acordo con esta afirmación.
Explicación das diverxencias que a nova documentación presenta coa xa presentada anteriormente	<ul style="list-style-type: none"> - Explicación da diferenza entre o valor dos investimentos activados de 96.973,96 € e o importe das facturas presentadas (98.050,05): gastos correntes non activados - Incoherencia no importe dos investimentos ao coincidir na contía total co importe recollido nas actas, pero non en determinados elementos que foron desagregados 	Si	<ul style="list-style-type: none"> - A explicación da diferenza entre os valores 96.973,96 € e 98.050,05 €, xustifícase axeitadamente, aínda que constan determinados subministros nas facturas de carácter corrente, non activables, que si se capitalizaron - Non se aclara a incoherencia en que o valor total dos investimentos coincide coas actas de comprobación e que uns elementos desagregados (non todos) non coincidan co valor asignado nesas actas.

Do anterior resulta que a información presentada non é suficiente, xa que non se axusta aos termos das peticións realizadas. Un dos extremos non emendado suficientemente e que se solicitou expresamente a través de dous requirimentos é:

- Resolución 604/2014, do 30 de outubro:

"1. En relación ao importe pendente de amortizar:

- O maior das contas do inmovilizado cos movementos relativos aos **investimentos de primeiro establecemento realizados en virtude da cláusula terceira do PCAP da concesión**, relativo a todos os anos de vixencia da concesión administrativa.
- O maior das contas do IVE soportado deducible **relativos aos ditos investimentos** nos anos de vixencia da concesión. Indicación da súa deducibilidade ou non, así como a explicación sobre a aplicación da regra da prorrata, no seu caso, coa xustificación dos rexistros contables.
- O maior das contas da dotación da amortización e a da amortización acumulada **relativas aos investimentos dos gastos de primeiro establecemento**, para todos os anos de vixencia da concesión administrativa."

- Requirimento notificado o 30/11/2015:

"- A información solicitada en virtude a Resolución da Alcaldía núm. 604, do 30/10/2014, pero co visto e prace dun auditor acreditado como tal".

Dado que se considera fundamental esta información para continuar coa tramitación do expediente este informe céntrase no alcance e efectos da non presentación desta documentación. O que é indiscutible é que foi requirida en dúas ocasións e ambas peticións desatendéronse por Serviocio. No requirimento notificado o 30/11/2015 advertíase de modo expreso que ante a non presentación da documentación solicitada ou a súa presentación insuficiente, **"terase por desistido da súa solicitude en aplicación do artigo 71 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común"**.

A non emenda da información contable dos investimentos de primeiro establecemento recoñécese polo concesionario no escrito presentado o 16/12/2015, polo que é consciente do seu incumprimento, aínda que trata de xustificalo a través da alegación a.2):

"Críticase que a información subministrada agregue a totalidade dos investimentos, mesturando gastos de primeiro establecemento e as melloras ofertadas polo contratista sobre a base -sostén o requirimento- de que unicamente os primeiros son compensables, de acordo coa cláusula 3 do prego.

Respectuosamente discrepamos coa interpretación que se realiza no requirimento. O parágrafo terceiro da cláusula 3 que se cita di que "Ao vencemento do contrato, e na fase de liquidación, o concello compensará ao adxudicatario coa diferenza entre a amortización financeira acumulada ao vencemento da concesión **e o custo inicial do inmovilizado de primeira adquisición** conforme os parámetros deste prego, PPT e demais documentos contractuais".

Polo tanto, a estipulación non fala de gastos de primeiro establecemento, senón de custo inicial do inmovilizado de primeira adquisición, concepto que entendemos agrega todos os investimentos realizados, e polo tanto comprende tanto os denominados gastos de primeiro establecemento como as melloras ofertadas polo contratista.”

3.2 Alcance da insuficiencia da emenda da documentación presentada

A compensación solicitada está regulada na cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que establece “(...) o concello compensará ao adxudicatario coa diferenza entre a amortización financeira acumulada ao vencemento da concesión e o custo inicial do inmovilizado de primeira adquisición conforme aos parámetros deste prego (...)”.

*A cláusula 3 refírese unicamente aos investimentos que denomina como gastos de primeiro establecemento ou investimentos que debe realizar o concesionario previamente á apertura das instalacións e prestación dos servizos. Posteriormente, no parágrafo terceiro establece que “A amortización **dese inmovilizado material debe alcanzar un mínimo anual de 6.473,00 €, **cantidade que pode mellorar o licitador na súa oferta**”.*** Da lectura da dita cláusula non queda dúbida que a amortización mínima a realizar refírese unicamente aos investimentos de primeiro establecemento. En ningún caso faise referencia a outro tipo de inmovilizado nin ás melloras que puidesen presentarse na proposición económica.

Máis adiante, a cláusula 13.1 PCAP recolle como criterio de adxudicación o incremento da amortización anual do inmovilizado material, por riba do mínimo anteriormente indicado de 6.473 €. Novamente, da lectura da descrición deste criterio extráese que a maior amortización proposta será a correspondente aos investimentos de primeiro establecemento.

A alegación que realiza Servicio baséase en que o importe da amortización mellorada debe referirse non só ao inmovilizado de primeiro establecemento asumido pola concesionaria en virtude da cláusula 3, senón tamén ás melloras ofertadas no procedemento de licitación. O prego non contempla de ningún modo esta posibilidade, a definición da mellora da amortización non deixa marxe a outra interpretación, polo que non se pode aceptar.

As cláusula 13 PCAP, relativa aos criterios de adxudicación é coherente coa postura mantida neste informe:

- Criterio de adxudicación da mellora da dotación anual da amortización

A puntuación deste criterio ten como fin valorar positivamente o menor desembolso que terá que realizar o concello ao final do contrato polo importe pendente de amortizar dos investimentos de primeiro establecemento. A fórmula matemática ofrece maior valoración ás proposicións de maior amortización anual e, polo tanto, menor valor neto contable ao remate da concesión.

A postura mantida por Servicio levaría á paradoxa de que un mesmo incremento da amortización por parte de dous licitadores faría que obtivesen a mesma puntuación neste criterio, pero desen lugar a diferentes compensacións polo inmovilizado no caso de oferta de melloras.

Para unha maior claridade expositiva, preséntase o seguinte exemplo:

“Suposto de 2 licitadores que ofertan unha amortización anual de 49.940,66 €. Un deles presenta melloras por 58.487,69 € e o outro non as oferta. Considérase que o importe amortizable dos investimentos de primeiro establecemento fose 264.012,02 € (base impoñible de 306.253,94 €, tendo en conta un IVE do 16%).

Aplicación da cláusula 13.4 PCAP

Ofertas:

Licitador A = 43.467,66 (49.940,66-6.473,00). Oferta melloras por 58.487,69 €

Licitador B = 43.467,66. Non oferta melloras

A puntuación sería a mesma a realizada na valoración da Mesa de Contratación: **435 puntos**

Cálculo da compensación do valor dos investimentos (VNC) baixo a hipótese de Serviciio, SL

Supoñemos, para simplificar o exemplo, un período da concesión e período de amortización de 5 anos

Licitador A

Valor de adquisición a ter en conta = Investimentos 1º establecemento + melloras = 264.012,02 + 58.487,69 = 322.499,71

Amortización acumulada = 49.940,66 x 5 = 249.703,30

VNC ao fin da concesión = 322.499,71 – 249.703,30 = 72.796,41

Licitador B

Valor de adquisición a ter en conta = Investimentos 1º establecemento = 264.012,02

Amortización acumulada = 49.940,66 x 5 = 249.703,30

VNC ao fin da concesión = 264.012,02 – 249.703,30 = 14.308,72

Xeralizando:

Valor amortizable de adquisición investimentos 1º establecemento = IPE

Valor amortizable das melloras = M

VNC ao fin da concesión = (IPE + M) - 249.703,30

A maior valor de M, o valor do VNC será maior o VNC e, polo tanto o desembolso final do concello”

Así, o criterio de mellora da dotación anual da amortización que pretende puntuar a maior vantaxe económica para o concello polo seu desembolso en concepto do valor neto contable dos investimentos non é coherente con este propósito, xa que

a fórmula matemática non proporciona necesariamente máis puntos ás ofertas económicas de menor pagamento final. Esta postura non é viable xuridicamente e contradí o principio de eficiencia na utilización dos fondos públicos. O dito principio está previsto na normativa de contratación do Sector Público e confirmado pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa (en adiante, XCCA) en diferentes informes como o 4/2011, do 28 de outubro, que establece que unha mellor oferta non pode ter unha puntuación máis elevada que outra peor. Concúlcase, polo tanto, o obxectivo da normativa de contratación de seleccionar á oferta economicamente máis vantaxosa en termos de calidade-prezo (segundo a doutrina da XCCA)

Por outra parte, de aceptar a postura de Serviocio, pode presumirse que a esta licitación presentaríanse outros licitadores ou que os presentados variasen substancialmente as súas proposicións, o que afectaría ao **principio de concorrencia nos procesos de contratación**.

- Criterio de adjudicación de melloras nas instalacións non contempladas no PCAP e aceptadas pola Administración

A puntuación deste criterio na fórmula matemática realízase en función da súa valoración económica, segundo a cláusula 13.4 PCAP. Por definición, as melloras, segundo a doutrina da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, non supoñen un custo para a Administración. A tese da concesionaria supón que a oferta das melloras si teñen un custo para a Administración que é o seu valor neto contable ao remate da concesión que debería compensárselle a Serviocio. Por outra parte, de aceptarse esta tese, o valor económico da mellora unicamente podería ser a parte amortizada deste inmovilizado, isto é, só o custo asumido pola empresa. Este criterio non se utilizou nin na valoración realizada pola Mesa de Contratación nin na valoración que realizou Serviocio das melloras, á vista das actas de comprobación dos investimentos nin da restante documentación que presentou posteriormente e que obra no expediente.

Igual que no caso do criterio da mellora da amortización, a oferta por dous licitadores por melloras coa mesma valoración económica supón a mesma puntuación, pero non necesariamente a mesma vantaxe económica para o concello. É máis, ésta dependería dunha variable non coñecida: a amortización dese inmovilizado. As consecuencias serían as mesmas que as expostas anteriormente: a conculcación do obxectivo de seleccionar a oferta máis vantaxosa e os principios de eficiencia e concorrencia nas licitacións. Non cabe dúbida que a interpretación que presenta Serviocio faría presumir que habería modificacións nos licitadores presentados e/ou nas súas proposicións.

- Valoración non independente destes criterios de adjudicación

Como última crítica á alegación, indícase que os criterios de adjudicación da amortización anual e das melloras estarían interrelacionados e condicionados na súa valoración, pero isto non se reflicte nas fórmulas e non aplica a norma de que deben ser obxecto de valoración independente (informe 4/2011, do 28 de outubro da XCCA).

- Imposibilidade do concello de cuantificar os datos contables dos investimentos de primeiro establecemento

Aínda que nas actas de comprobación do investimento figura unha desagregación maior do valor de cada tipo de actuación, á vista das facturas presentadas por Serviocio o 16/10/2015, conclúese que son datos provisionais extraídos das ofertas solicitados pola concesionaria para executar as actuacións, xa que non

coinciden necesariamente co valor definitivo dese inmovilizado. Tras detectar unha serie de diferenzas entre esta documentación e que se puxo de manifesto no requirimento notificado o 30/11/2015, concluíuse en que esas diferenzas obedecían a que as anteditas actas facían referencia ao importe determinado nas ofertas. Das facturas non se pode extraer o valor de cada tipo de investimento, xa que as facturas reflicten unidades de materiais, pero non se lle imputan a cada actuación, polo que coa documentación xa presentada non se pode obter a información solicitada e non atendida.

Polo tanto, dado que o PCAP establece que a compensación á que ten dereito Servicioc en concepto do valor dos investimentos pendentes de amortizar só se refire aos de primeiro establecemento, resulta que a non presentación desta información pola empresa, requirida e desatendida en dúas ocasións, imposibilita cuantificar a dita compensación. Polo tanto, á hora de determinar se a presentación da emenda é suficiente ou non, conclúese que non o é: a non presentación da información contable dos investimentos de primeiro establecemento impide continuar o procedemento.

3.3 Efectos da insuficiencia da emenda da documentación presentada

Os efectos da insuficiencia da documentación contable anteriormente descrita ten os efectos xa apuntados: **a imposibilidade de continuar coa tramitación e resolver o expediente.**

O requirimento notificado o 30/11/2015 xa advertía de modo expreso que no caso de non presentar a documentación sinalada nun prazo de 10 días hábiles ou de fale insuficientemente, teríase por desistido da súa solicitude en aplicación do artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Como xa se reiterou neste informe a documentación contable á que se fixo referencia no apartado anterior requíruselle a Servicioc mediante a Resolución 604/2014 e, en segunda ocasión, o 30/11/2015:

A estes efectos cabe realizar as seguintes consideracións:

Segundo o artigo 71 LRXPAC, se a solicitude de iniciación non reúne os requisitos esixidos na ley requíruselle ao interesado para a súa emenda, coa indicación de que, de non facelo, terase por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ditarse nos termos do artigo 42 LRXPAC. Nestes actos advírtese da posibilidade de desistimento de non completar a solicitude segundo os requirimentos, polo que transcrido o prazo sen que se achegase a documentación requirida deberá ditarse unha resolución declarando o dito desistimento e a posibilidade de interpoñer o recurso de reposición ou directamente o contencioso-administrativo.

Non obstante, dado que o desistimento é un acto personalísimo do interesado, podemos afirmar que a LRXPAC regula un suposto equívoco de desistimento, cando no seu artigo 71.1 dispón que no suposto descrito “terase por desistida a súa petición (...)”, de acordo coa STS do 10/07/1996 (ref. Ar. 6279). Non obstante, esta conclusión non é unha cuestión pacífica, ao non haber unha solicitude de renuncia, o que suscita diverxencias en considerar se a solicitude enténdese ou non presentada. Polo dito motivo, considérase que procede a **inadmisión** da solicitude de Servicioc.

A inadmisión supón que débese motivar que concorren as causas que a xustifican, pero a dita motivación non acada a pronunciarse sobre o fondo da cuestión formulada, xa que esa decisión correspóndelle á resolución administrativa que

estime ou desestime a solicitude (vid. STS do contencioso-administrativo, sección 5ª, do 28/04/2011).

3.4 Órgano competente

A inadmisión da solicitude de Servicio tras os dous requirimentos fai que non se trate o fondo do asunto, o que pode suscitar dúbidas de si a súa aprobación debe realizala o órgano de contratación (Pleno) ou ben o alcalde, xa que non se acada a fase de instrución ao ser insuficiente a solicitude presentada. Non obstante, desde un punto de vista garantista e tendo en conta que a empresa incluíu nas súas emendas unha serie de alegacións, considérase máis apropiada a súa resolución polo Pleno, como órgano de contratación que é.

4. CONCLUSIONES

Á vista da documentación presentada en virtude do requirimento de emenda notificado o 30/11/2015, conclúese en que esta emenda é insuficiente e imposibilita resolver a solicitude de cobro da compensación da cláusula 3 PCAP. Tendo en conta que o antedito requirimento advertía que, no caso de atenderse insuficientemente, teríase por desistida a solicitude, de acordo co art. 71 LRXPAC.

Tendo en conta as diverxencias xurídicas existentes na doutrina e xurisprudencia sobre si entender desistida dunha solicitude que non cumpra os requisitos indicadas cando non existe unha renuncia expresa do solicitante, esta Intervención conclúe que procede aprobar polo Pleno a inadmisión da solicitude formulada por Servicio para o cobro da parte pendente de amortizar dos investimentos de primeiro establecemento, dereito recoñecido en virtude da cláusula 3 PCAP.

Este é o meu informe, sen prexuízo doutra opinión superior en dereito."

De acordo coa Intervención Municipal, a documentación presentada non posibilita, á vista do prego de cláusulas administrativas do contrato, determinar o importe da compensación do importe pendente de amortizar dos investimentos de primeiro establecemento. Tendo en conta que esta información requiriuse en dúas ocasións e foi desatendida, procede inadmitir a solicitude da empresa concesionaria.

Esta Alcaldía, **PROPÓN O SEGUINTE ACORDO:**

Primeiro: Inadmitir a solicitude de Servicio, SL presentada o 05/03/2014 e, posteriormente modificada e completada con nova documentación, debido a que é insuficiente para concluír a instrución do expediente e ditar a correspondente resolución.

Segundo: Notificar este acordo ao interesado, así como darlles traslado aos Departamentos de Deportes e Intervención.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE URBANISMO, ÁREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS-SERVIZOS MUNICIPAIS, do día 22/02/2016, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

Intervén Don Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Dona María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Don José Norberto Uzal Tresandí (PPdeG)

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Dona Adelina Ces Quintáns (BNG).

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Xustifican os distintos grupos municipais o seu voto en base aos informes técnicos que constan no expediente.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor:	DEZASETE	6 de BNG 5 de PP 4 de PsdeG-PSOE 2 de Rianxo en común
Votos en contra:	NINGÚN	0 votos
Abstéñense de votar:	NINGUÉN	0 votos

Adopta este acordo:

PRIMEIRO. INADMITIR a solicitude de Servicio, SL presentada o 05/03/2014 e, posteriormente modificada e completada con nova documentación, debido a que é insuficiente para concluír a instrución do expediente e ditar a correspondente resolución.

SEGUNDO. NOTIFICARLLE este acordo ao interesado, así como darlles traslado aos Departamentos de Deportes e Intervención.>>

4 Recoñecemento extraxudicial 3/2016

O Sr. Alcalde dalle a palabra a Don Tobias Betanzos Rego (BNG)

Da conta da Proposta que consta no expediente, que foi facilitada aos membros do pleno corporativo e que se transcribe a continuación:

<<Vista a seguinte relación de facturas, que ascende a 20.064,05 €, e que quedou pendente porque son facturas de exercicios anteriores ó 2016 e con rexistro de entrada no concello no exercicio actual, corresponde iniciar a súa tramitación mediante recoñecemento extraxudicial. Inclúese tamén a relación de OPA (H/2016/1) de facturas pendentes de aprobación a 31/12/2015 por importe de 86.655,14 €.

RELACIÓN DE FACTURAS F/2015/10

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Tercero	Nome	Texto Explicativo	Progr	Econ	Importe Total
F/2016/4	05/01/16	A 2015/A/567	31/12/15	B36223600	TV.Manc omunidad e do Salnes	Grabación, realización e emisión ""Saúdo Nadal 2015"" Concello de Rianxo.	338	22602	1.427,80 €
F/2016/8	07/01/16	P 508345	31/12/15	A15000391	Editorial Compost ela (El correo Gallego)	PUBLICACI ON ANUNCIO FIN DE ANO 2015	338	22602	1.210,00 €
F/2016/38	08/01/16	FE15321 1894445 75	03/12/15	A08431090	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	ALUMEAD O PUBLICO. BURATA. DENDE O 27-06-2015 Ó 31-07- 2015	165	22100	47,30 €
F/2016/39	08/01/16	FE15321 1894445 76	03/12/15	A08431090	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	ALUMEAD O PUBLICO. BURATA. DENDE O 01/08/2015 Ó 25/08/2015	165	22100	586,41 €
F/2016/40	08/01/16	FE15321 1894445 71	03/12/15	A08431090	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	ALUMEAD O PUBLICO. BURATA. DENDE O 29-01-2015 Ó 25-02- 2015.	165	22100	218,30 €
F/2016/41	08/01/16	FE15321 1894445 72	03/12/15	A08431090	5 de PP 4 de Ps- deG- PSOE- Gas Nat- ural Ser- vicios SDG, S.A.	ALUMEAD O PUBLICO. BURATA. DENDE O 26-02-2015 Ó 28-04- 2015	165	22100	482,66 €
F/2016/42	08/01/16	FE15321 1894445 73	03/12/15	A08431090	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	ALUMEAD O PUBLICO. BURATA. DENDE O 29-04-2015 Ó 28-05- 2015	165	22100	437,61 €
F/2016/45	08/01/16	FE15321 1894445 78	03/12/15	A08431090	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	ALUMEAD O PUBLICO. BURATA. DENDE O	165	22100	292,46 €

						25-09-2015 O 27-10-2015			
F/2016/50	08/01/16	FE15321 1894445 77	03/12/15	A08431090	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	ALUMEAD O PUBLICO. BURATA. DENDE O 26-08-2015 O 24-09-2015	165	22100	262,82 €
F/2016/140	13/01/16	P15 17983	31/12/15	A15000649	La Voz de Galicia	ORDEN R-OD84844 TÍTULOS CONCELL O DE RIANXO DÍAS INSERCIÓN DIC-31 MEDIO La Voz de Galicia DETALLE Ribeira - Barbanza PRO	338	22602	302,50 €
F/2016/228	16/01/16	FE15321 1795768 24	04/08/15	A08431090	Gas Natural Servicios SDG, S.A.	ALUMEAD O PUBLICO. CARBALLERA. DENDE O 28-06-2015 O 28-07-2015	165	22100	156,37 €
F/2016/254	18/01/16	16/63	18/01/16	B15867617	Bandin Audio	ALUGUER DE SON PARA ACTUACION NA PRAZA DE CASTELA O O DIA 26-12-2015. ACTOS DE NADAL	338	22609	605,00 €
F/2016/255	18/01/16	16/62	18/01/16	B15867617	Bandin Audio	ALUGUER DE SON E ILUMINACION PARA CONCERTO NA MARTELA O 11-12-2015. ACTOS NADAL	338	22609	1.397,55 €
F/2016/280	13/01/16	A52.587	31/12/15	B15884471	Ferros do Barbanza, S.L.	PECHADURA PLETINA NEGRA	9203	22114	53,53 €
F/2016/284	11/01/16	PV15-458	31/12/15	B15162068	Editorial La Capital,S.	PUBLICACION ESPECIAL	338	22602	847,00 €

					L.	NADAL 2015			
F/2016/ 287	08/01/16	FV/1068	19/11/15	B15448764	Comercia I M.Otero, S.L.	3 PARES GUANTES PARA OBRAS	9203	22104	8,90 €
F/2016/ 288	08/01/16	N1054- 15	28/12/15	76484749C	José Ramón Lois Simans	MATERIAI S PARA OBRAS	9203	22114	909,92 €
F/2016/ 289	08/01/16	25	26/12/15	46914526T	PABLO BALSEIR O CARROD EGUAS	CONCERT O ""PER VERSIONS "" O 26-12- 2015	334	22609	605,00 €
F/2016/ 296	04/01/16	10/0954- 15	15/12/15	B15350382	Hormigon es de Boiro, S.L.	MATERIAI S PARA VIAS URBANAS (LEIRO)	1532	22114	1.787,24 €
F/2016/ 297	07/01/16	FV15/02 16	31/12/15	A28279214	Campom arzo, S.A.	24,66 TONELAD AS GRAVILLA 6/12	1532	22114	217,82 €
F/2016/ 302	21/01/16	TA4SB0 239132	19/01/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. TAXIS RIANXO. DECEMBR O 2014	9201	22200	26,12 €
F/2016/ 303	21/01/16	TA4SB0 239133	19/01/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. TAXIS TARAGOÑ A. DECEMBR O 2014	9201	22200	23,64 €
F/2016/ 304	21/01/16	TA4SB0 239134	19/01/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. BIBLIOTEC A. DECEMBR O 2014	3321	22200	122,09 €
F/2016/ 305	21/01/16	TA4SB0 239135	19/01/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. POLIDEPO RTIVO TARAGOÑ A. DECEMBR O 2014	342	22200	93,24 €
F/2016/ 306	21/01/16	TA4SB0 239136	19/01/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. POLIDEPO RTIVO RIANXO. DECEMBR O 2014	342	22200	3,96 €

F/2016/ 307	21/01/16	TA4SB0 239141	19/01/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. FAX CONCELL O. DECEMBRO 2014	9201	22200	22,25 €
F/2016/ 308	21/01/16	TA4SB0 239142	19/01/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. PARKING TARAGONA. DECEMBRO 2014	133	22200	17,40 €
F/2016/ 309	21/01/16	TA4VT0 235462	19/02/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. TAXIS RIANXO. XANEIRO 2015	9201	22200	26,35 €
F/2016/ 310	21/01/16	TA4VT0 235463	19/02/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. TAXIS TARAGONA. XANEIRO 2015	9201	22200	23,70 €
F/2016/ 311	21/01/16	TA4VT0 235464	19/02/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. BIBLIOTEC A. XANEIRO 2015	3321	22200	116,00 €
F/2016/ 312	21/01/16	TA4VT0 235466	19/02/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. POLIDEPORTIVO RIANXO. XANEIRO 2015	342	22200	4,00 €
F/2016/ 313	21/01/16	TA4VT0 235469	19/02/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. AUDITORIO. XANEIRO 2015	334	22200	65,56 €
F/2016/ 314	21/01/16	TA4VT0 235470	19/02/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. AUDITORIO. XANEIRO 2015	334	22200	17,59 €
F/2016/ 315	21/01/16	TA4VT0 235471	19/02/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. FAX CONCELL O. XANEIRO 2015	9201	22200	24,59 €
F/2016/ 316	21/01/16	TA4VT0 235473	19/02/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. PARKING TARAGONA. XANEIRO	133	22200	95,93 €

						2015			
F/2016/ 317	21/01/16	TA4ZI02 28047	19/04/15	A82018474	Telefónica de España, S.A.U.	TELEFONIA. TAXIS RIANXO. MARZO 2015	9201	22200	26,16 €
F/2016/ 318	21/01/16	TA4ZI02 28049	19/04/15	A82018474	Telefónica de España, S.A.U.	TELEFONIA. BIBLIOTECA. MARZO 2015	3321	22200	112,80 €
F/2016/ 319	21/01/16	TA4ZI02 28050	19/04/15	A82018474	Telefónica de España, S.A.U.	TELEFONIA. POLIDEPORTIVO TARAGONA. MARZO 2015	342	22200	93,30 €
F/2016/ 320	21/01/16	TA4ZI02 28054	19/04/15	A82018474	Telefónica de España, S.A.U.	TELEFONIA. AUDITORIO. MARZO 2015	334	22200	65,56 €
F/2016/ 321	21/01/16	TA4ZI02 28055	19/04/15	A82018474	Telefónica de España, S.A.U.	TELEFONIA. AUDITORIO. MARZO 2015	334	22200	17,59 €
F/2016/ 322	21/01/16	TA4ZI02 28056	19/04/15	A82018474	Telefónica de España, S.A.U.	TELEFONIA. FAX CONCELL. MARZO 2015	9201	22200	26,33 €
F/2016/ 323	21/01/16	TA4ZI02 28057	19/04/15	A82018474	Telefónica de España, S.A.U.	TELEFONIA. PARKING TARAGONA. MARZO 2015	133	22200	17,40 €
F/2016/ 324	21/01/16	TA4ZI02 28058	19/04/15	A82018474	Telefónica de España, S.A.U.	TELEFONIA. ADSL PARKING TARAGONA. MARZO 2015	133	22200	95,93 €
F/2016/ 325	21/01/16	TA4ZJ02 27863	19/05/15	A82018474	Telefónica de España, S.A.U.	TELEFONIA. TAXIS RIANXO. ABRIL 2015	9201	22200	26,40 €
F/2016/ 326	21/01/16	TA4ZJ02 27864	19/05/15	A82018474	Telefónica de España, S.A.U.	TELEFONIA. TAXIS TARAGONA. ABRIL 2015	9201	22200	23,70 €
F/2016/ 327	21/01/16	TA4ZJ02 28332	19/05/15	A82018474	Telefónica de	TELEFONIA.	3321	22200	113,11 €

					España,S .A.U.	BIBLIOTEC A. ABRIL 2015			
F/2016/ 328	21/01/16	TA4ZJ02 32099	19/05/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. POLIDEPO RTIVO TARAGOÑ A. ABRIL 2015	342	22200	93,30 €
F/2016/ 329	21/01/16	TA4ZJ02 32104	19/05/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. POLIDEPO RTIVO RIANXO. ABRIL 2015	342	22200	4,00 €
F/2016/ 330	21/01/16	TA4ZJ02 34007	19/05/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. AUDITORI O. ABRIL 2015	334	22200	65,56 €
F/2016/ 331	21/01/16	TA4ZJ02 34019	19/05/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. AUDITORI O. ABRIL 2015	334	22200	17,40 €
F/2016/ 332	21/01/16	TA4ZJ02 34335	19/05/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. FAX CONCELL O. ABRIL 2015	9201	22200	24,98 €
F/2016/ 333	21/01/16	TA4ZJ02 34714	19/05/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. PARKING TARAGOÑ A. ABRIL 2015	133	22200	17,40 €
F/2016/ 334	21/01/16	TA4ZJ02 34773	19/05/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. ADSL PARKING TARAGOÑ A. ABRIL 2015	133	22200	95,93 €
F/2016/ 335	21/01/16	TA4ZK0 222321	19/06/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. TAXIS RIANXO. MAIO 2015	9201	22200	26,22 €
F/2016/ 336	21/01/16	TA4ZK0 222322	19/06/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. TAXIS TARAGOÑ A. MAIO 2015	9201	22200	23,70 €
F/2016/ 337	21/01/16	TA4ZK0 222323	19/06/15	A82018474	Telefónic a de España,S .A.U.	TELEFONI A. BIBLIOTEC A. MAIO 2015	3321	22200	111,66 €

F/2016/ 338	21/01/16	TA4ZK0 222324	19/06/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA. POLIDEPORTIVO TARAGONA. MAIO 2015	342	22200	93,30 €
F/2016/ 339	21/01/16	TA4ZK0 222325	19/06/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA. POLIDEPORTIVO RIANXO. MAIO 2015	342	22200	4,00 €
F/2016/ 340	21/01/16	TA4ZK0 222328	19/06/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA. AUDITORIO. MAIO 2015	334	22200	65,56 €
F/2016/ 341	21/01/16	TA4ZK0 222329	19/06/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA. AUDITORIO. MAIO 2015	334	22200	17,40 €
F/2016/ 342	21/01/16	TA4ZK0 222330	19/06/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA. FAX CONCELLO. MAIO 2015	9201	22200	23,09 €
F/2016/ 343	21/01/16	TA4ZK0 222331	19/06/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA. PARKING TARAGONA. MAIO 2015	133	22200	17,40 €
F/2016/ 344	21/01/16	TA4ZK0 222332	19/06/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA. ADSL PARKING TARAGONA. MAIO 2015	133	22200	95,93 €
F/2016/ 345	21/01/16	TA4ZL02 18815	19/07/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA. TAXIS RIANXO. XUÑO 2015	9201	22200	26,22 €
F/2016/ 346	21/01/16	TA4ZL02 18816	19/07/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA. TAXIS TARAGONA. XUÑO 2015	9201	22200	23,70 €
F/2016/ 347	21/01/16	TA4ZL02 18817	19/07/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA. BIBLIOTECA. XUÑO 2015	3321	22200	111,62 €
F/2016/ 348	21/01/16	TA4ZL02 18818	19/07/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA. POLIDEPORTIVO	342	22200	93,30 €

						TARAGOÑ A. XUÑO 2015			
F/2016/ 349	21/01/16	TA4ZL02 18819	19/07/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. POLIDEPORTIVO RIANXO. XUÑO 2015	342	22200	4,00 €
F/2016/ 350	21/01/16	TA4ZL02 18822	19/07/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. AUDITORIO. XUÑO 2015	334	22200	65,56 €
F/2016/ 351	21/01/16	TA4ZL02 18823	19/07/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. AUDITORIO. XUÑO 2015	334	22200	17,59 €
F/2016/ 352	21/01/16	TA4ZL02 18824	19/07/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. FAX CONCELLO. XUÑO 2015	9201	22200	25,78 €
F/2016/ 354	21/01/16	TA4ZL02 18825	19/07/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. PARKING TARAGOÑ A. XUÑO 2015	133	22200	17,40 €
F/2016/ 355	21/01/16	TA4ZL02 18826	19/07/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. ADSL PARKING TARAGOÑ A. XUÑO 2015	133	22200	95,93 €
F/2016/ 356	21/01/16	TA4ZM0 215534	19/08/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. TAXIS RIANXO. XULLO 2015	9201	22200	28,24 €
F/2016/ 357	21/01/16	TA4ZM0 215535	19/08/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. TAXIS TARAGOÑ A. XULLO 2015	9201	22200	25,54 €
F/2016/ 358	21/01/16	TA4ZM0 215536	19/08/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. BIBLIOTECA A. XULLO 2015	3321	22200	118,78 €
F/2016/ 359	21/01/16	TA4ZM0 215537	19/08/15	A82018474	Telefónica de España,S .A.U.	TELEFONIA A. POLIDEPORTIVO TARAGOÑ A. XULLO 2015	342	22200	95,14 €

F/2016/ 360	21/01/16	TA4ZM0 215538	19/08/15	A82018474	Telefónica de España,S.A.U.	TELEFONIA. POLIDEPORTIVO RIANXO. XULLO 2015	342	22200	4,00 €
F/2016/ 361	21/01/16	TA4ZM0 215541	19/08/15	A82018474	Telefónica de España,S.A.U.	TELEFONIA. AUDITORIO. XULLO 2015	334	22200	65,56 €
F/2016/ 362	21/01/16	TA4ZM0 215543	19/08/15	A82018474	Telefónica de España,S.A.U.	TELEFONIA. FAX CONCELLOR. XULLO 2015	9201	22200	22,36 €
F/2016/ 363	21/01/16	TA4ZM0 215542	19/08/15	A82018474	Telefónica de España,S.A.U.	TELEFONIA. AUDITORIO. XULLO 2015	334	22200	17,40 €
SEGUNDO. Instar de maneira firme ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, da Consellería de Traballo e Benestar, a que salde a débeda que mantén co Concello de Rianxo, acometendo as actuacións necesarias para a elaboración do proxecto, construción e xestión pública do Centro de Día para Persoas Maiores.

8.2.- MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN.- SOBRE Á ANULACIÓN DA AMPLIACIÓN DA CONCESIÓN A ENCE

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

Intervén o concelleiro de Rianxo en Común Don Juan Antonio Losada Martínez xustifica a urxencia nos efectos que provoca a ampliación da concesión.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada por unanimidade dos 17 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

Juan Antonio Losada Martinez, defende a moción que di:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 25 de xaneiro, o goberno do Estado español, o goberno en funcións do PP, decidiu prorrogarlle a concesión á papeleira ENCE situada en Lourizán, na Ría de Pontevedra, por máis de medio século. De novo o Partido Popular pon a maquinaria administrativa e lexislativa do Estado ao servizo dos intereses da pasteira.

Con esta medida o goberno en funcións do PP está hipotecando o futuro e o medio ambiente da Ría de Pontevedra para o enriquecemento dunha empresa privada en cuxo Consello de Administración están presentes algúns membros notables do partido tales coma Carlos del Álamo (ex concelleiro de Medio Ambiente da Xunta entre 1997 e 2003), Pascual Fernández (ex Secretario de Estado de Augas e Costas no Goberno de José María Aznar) e Isabel Tocino (ex Ministra de Medio Ambiente entre os anos 1996 e 2000).

Nos albores do “desarrollismo”, no 1957 un goberno da ditadura decidiu situar esta industria no entorno urbano dunha cidade é unha vila importante, vertendo á ría de Pontevedra máis de 5000 toneladas de residuos ó ano, entre os que se atopan fósforo, nitróxeno, mercurio, cloro, fluor, etc. Estragando así a enorme riqueza medio ambiental, paisaxística e económica desta ría.

Cando todos pensábamos que esta era a obra delirante dunha ditadura dun país naquel momento subdesenvolvido, resulta que un goberno en funcións, dun partido que renega de ser herdeiro daquela ditadura, prolonga a concesión a

empresa por sesenta anos máis na mesma ubicación. É demencial e absolutamente intolerable querer seguir condenando a Pontevedra, a Marín e a ría de Pontevedra por máis tempo.

Os argumentos esgrimidos pola pasteira, e sobre todo polo PP, son simplemente ridículos e pretenden ser o bálsamo que acale as moitas voces que dende fai tempo veñen esixindo que ENCE saia da Ría de Pontevedra. Que a pasteria se comprometera a un investimento de 61 millóns de euros en materia de eficiencia enerxética, aforro de auga e calidade ambiental, e simplemente ridículo, xa que eses 61 millóns son unha mínima parte do enriquecemento que a prórroga lles garante ademais de non poñerlle solución a todo o mal que lle leva causado á ría e á xente de Pontevedra. Por outro lado de non cumprir a pasteria este acordo a única penalización sería reducir a prórroga en 10 anos, polo que 50 da súa peste estarían garantidos de todas as maneiras.

Así mesmo ver ao PP clamar polos postos de traballo que se perderían de non existir ENCE é un exercicio de lexitimación de unha auténtica cacicada xogando co sufrimento de moita xente que vive en situación de desemprego precisamente por este tipo de políticas. ENCE supón menos do 1% de postos de traballo da cidade á vez que a súa presenza na ría impide un aproveitamento da mesma do que se poderían beneficiar moitas máis familias.

Ningún goberno responsable, que priorice os intereses xerais podería estar a falar de manter un entorno urbano unha instalación destas características. O goberno galego non pode unha vez máis actuar de costas á sociedade e ser cómplice silente da decisión de perpetuar ENCE na ría, unha decisión que o PP non se atreveu a tomar antes das eleccións xerais do 20 de decembro polos custos electorais que lle podería supoñer e que agora se apresura a facer efectiva antes o meo da súa saída inminente do goberno central.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ó Pleno os seguintes acordos:

- 1. Solicitar ó ministerio correspondente do novo goberno a revogación da prórroga a ENCE na súa actual ubicación.**
- 2. Dirixirse ó Presidente da Xunta de Galicia e a Consellería de Medioambiente e Ordenación do Territorio solicitándolles que cumprindo o mandato para o que foron elixidos, coloquen os intereses da maioría social por diante e fagan as xestións oportunas para a revogación da prórroga a ENCE na súa actual ubicación.**

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén María del Carmes Figueira Ares (PSdeG-PSOE)

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén José Norberto Uzal Tresandi (PPdeG)

Anuncia o voto en contra do seu grupo. Recoñece que o emprazamento non é o mellor pero que non é doado atopar outro lugar onde instalar ENCE e que no caso de cambiar a ubicación sería máis barato irse fora de Galicia, co que iso suporía para os postos de traballo directos e indirectos; lembra que é necesario pechar o que se denomina o "*ciclo do papel*" e a importancia que esta industria ten para o sector forestal galego; remata sinalando que o que hai que facer é esixir á

empresa que cumpra coa normativa medioambiental, minimize o consumo de auga e depure os seus residuos.

Intervén Adelina Ces Quintáns (BNG).

Anuncia o apoio do seu grupo á moción. Califica de despropósito e inxusta a decisión de prorrogar a concesión a ENCE en contra dos intereses dos cidadáns e lamenta que se utilice como argumentario á perda dos postos de traballo; sinala que é certo que cambiar de ubicación sería costoso, pero que eso xa os sabía a empresa xa que se trataba dunha concesión administrativa.

Intervén o Sr. Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.

Sinala que cree que ENCE acabará por marcharse e deixará todo estragado; considera que unha das consecuencias da instalación de ENCE en Galicia é o monocultivo de eucalipto. Remata sinalando que non quere ser cómplice do modelo que ENCE representa.

Intervén Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Lamenta a prórroga de ENCE e sinala que é unha situación tercermundista que é o lugar onde se instalan estas empresas; remata sinalando que non é un argumento sólido a perda de empregos dadas as consecuencias que unha instalación deste tipo ten para as persoas e o medio ambiente.

Non hai máis intervencións.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor:	DOCE	6 de BNG 4 de PSdeG-PSOE 2 de Rianxo en común
Votos en contra:	CINCO	5 de PPdeG
Abstéñense de votar:	NINGÚN	0 votos

Adopta este acordo:

PRIMEIRO. Solicitar ó ministerio correspondente do novo goberno a revogación da prórroga a ENCE na súa actual ubicación.

SEGUNDO. Dirixirse ó Presidente da Xunta de Galicia e a Consellería de Medioambiente e Ordenación do Territorio solicitándolles que cumprindo o mandato para o que foron elixidos, coloquen os intereses da maioría social por diante e fagan as xestións oportunas para a revogación da prórroga a ENCE na súa actual ubicación.

8.3.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 40º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA RASD

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

Toma a palabra a representante da Asociación de Axuda ao Pobo Sahariano.

Xustifica a urxencia no necesidade a apoiar a este pobo no 40 aniversario da proclamación da súa República. Agradece a acollida de rapaces saharauís nas familias galegas.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada por unanimidade dos 17 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A dita representante defende a moción que di:

<<Hoxe, 27 de febreiro de 2016 cúmprese o 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharauí Democrática e o Concello de Rianxo quere sumarse a este acontecemento histórico e demostrar un ano máis o seu firme compromiso co Pobo Saharauí.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharauí afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon os seus fogares e quedáronse sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fondoa, aportaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharauí a mans do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querella por xenocidio contra o Pobo Saharauí e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por todo iso, o Concello de Rianxo manifesta o seguinte:

1. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e o Frente POLISARIO e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharauí. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o status diplomático á Representación do Frente POLISARIO en España, único e lexítimo representante do Pobo Saharauí, recoñecido así pola ONU.

2. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.

3. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauís de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharauís e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauís desaparecidas.

4. Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza en el Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.

5. Reafirmase no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia), como nos territorios ilegalmente

ocupados por Marrocos como mostra do apoio maioritario da sociedade RIANXEIRA á lexítima loita do Pobo Saharauí pola súa liberdade.

6. Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás acolledores Rianxeira que fan posible proxectos de cooperación co Pobo Saharauí, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc.>>

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Anuncia o apoio do seu grupo á declaración institucional. Laméntase da extraña tibieza deste últimos 35 anos co Sáhara.

Intervén María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Anuncia o apoio do seu grupo á declaración institucional.

Intervén José Norberto Uzal Tresandi (PPdeG)

anuncia o apoio do seu grupo á declaración institucional coa seguinte matización: non mencionar explicitamente ao Frente Polisario para dar cabida ás outras opcións políticas que defenden os dereitos do pobo saharauí (os demais grupos políticos móstranse de acordo coa matización). Remata sinalando que España ten unha obriga co pobo saharauí.

Intervén o Sr. Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.

Pide que se reflecta na declaración a matización antes expresada. Lembra que aquí o Sahara ten a consideración de Estado e, sobre a acollida de rapaces saharauís en Galicia lembra que o mérito é de quen os acolle

Non hai máis intervencións.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor:	DEZASETE	6 de BNG 5 de PPdeG 4 de PSdeG-PSOE 2 de Rianxo en común
Votos en contra:	NINGÚN	0 votos
Abstéñense de votar:	NINGÚN	0 votos

Adopta este acordo:

UNICO. APROBAR a seguinte declaración institucional:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 40 ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA ÁRABE SAHARAUÍ DEMOCRÁTICA

O 27 de febreiro de 2016 cúmprese o 40º aniversario da proclamación da República Árabe Saharaí Democrática e o Concello de Rianxo quere sumarse a este acontecemento histórico e demostrar un ano máis o seu firme compromiso co Pobo Saharaí.

As choivas torrenciais caídas en outubro de 2015 nos campamentos de poboación refuxiada saharauí afectaron a máis de 90.000 persoas, 25.000 dos cales perderon os seus fogares e quedáronse sen alimentos, segundo denunciou a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados (ACNUR).

Diversas investigacións levadas a cabo polo Instituto Hegoa da UPV-EHU e a Sociedade de Ciencias Aranzadi, co apoio de Euskal Fundazioa, aportaron novas probas sobre desaparicións forzosas e bombardeos á poboación civil saharauí a mans do goberno de Marrocos. Ademais, estas investigacións están sendo útiles na investigación da querrela por xenocidio contra o Pobo Saharaí e nas demandas de verdade, xustiza e reparación.

Por todo iso, o Concello de Rianxo manifesta o seguinte:

PRIMEIRO. Reafirma o seu recoñecemento ao lexítimo goberno da RASD e manifesta, unha vez máis, o dereito de autodeterminación que legalmente asiste ao Pobo Saharaí. Así mesmo pídelles ao Goberno de España que lle dea o status diplomático ás representacións das distintas opcións políticas do Pobo Saharaí.

SEGUNDO. Insta ao Goberno de España e á comunidade internacional a que promovan todas as iniciativas políticas que sexan necesarias para lograr unha solución xusta e definitiva, mediante a celebración dun referendo, conforme ás resolucións de Nacións Unidas.

TERCEIRO. Insta ás autoridades marroquís a que cesen as persecucións contra os e as activistas saharauís de dereitos humanos, a que liberen aos presos políticos saharauís e esclarezan o destino de máis de 400 persoas saharauís desaparecidas.

CUARTO. Insta ao Estado Español a que asuma a súa responsabilidade histórica e traballe activamente dentro da Unión Europea e aproveite a súa presenza en el Consello de Seguridade de Nacións Unidas para que a MINURSO vexa ampliado á vixilancia dos dereitos humanos no Sáhara Occidental.

QUINTO. Reafirmase no seu compromiso de traballar tanto nos campamentos de poboación refuxiada en Tinduf (Arxelia), como nos territorios ilegalmente ocupados por Marrocos como mostra do apoio maioritario da sociedade RIANXEIRA á lexítima loita do Pobo Saharaí pola súa liberdade.

SEXTO. Agradece sinceramente a colaboración desinteresada e a xenerosidade dos cidadáns e as cidadás acoellores Rianxeira que fan posible proxectos de cooperación co Pobo Saharaí, tales como a Caravana pola Paz, Vacacións en Paz, etc.

8.4.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE RIANXO EN COMÚN. SOBRE A PROPOSTA DE ESTUDO DE VIABILIDADE DE MÉTODOS DE DEPURACIÓN NATURAIS.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O concelleiro Don Juan Antonio Losada Martínez xustifica a urxencia na importancia do asunto.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada por unanimidade dos 17 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

O concelleiro Juan Antonio Losada Martinez, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nun pleno recente aprobamos o POS para o 2016 que inclúe, entre outras, actuacións de saneamento en núcleos rurais. Os concelleiros de Rianxo en Común, aínda que votamos a favor destas actuacións, pedíamos unha reflexión sobre a racionalidade do sistema de depuración que vimos poñendo en funcionamento.

Desde o noso punto de vista as principais eivas do sistema actual son, por un lado que é moi custoso tanto en infraestruturas como en mantemento, e por outro, que é pouco eficiente porque as estacións de bombeo fallan con frecuencia e porque as depuradas verten o mar sen depurar tamén con frecuencia. Gastamos polo tanto cantidades importantes de diñeiro para acadar resultados de depuración incertos. Poderíamos dicir que o único que estamos facendo ben é alonxar as augas residuais das vivendas.

Vendo as eivas do sistema actual, e considerando a depuración de augas un servizo básico, parece chegado o momento de valorar alternativas. Neste sentido propoñemos que se analicen as posibilidades dos chamados métodos de depuración naturais.

Con esta denominación alúdese a distintas formas de depurado que teñen en común que as sustancias contaminantes presentes nas augas residuais se eliman no medio sen aditivos químicos. Basicamente pode falarse de dous grandes tipos, aqueles nos que a auga se aplica sobre o terreo e os que se aplica nun medio acuático creado artificialmente. Dentro de cada un destes grandes tipos existen distintas técnicas.

Esta forma de depuración aforraría custos nas longas canalizacións agora necesarias e no consumo eléctrico, e tería tamén unha baixa produción de lodos. Pola contra necesitaría unha maior superficie de terreo, o que limita o seu uso a núcleos de poboación con pouca presión urbanística.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1. Realizar un estudo para valorar as posibilidades de implantar sistemas de depuración natural.

2. Reservar unha partida nos orzamentos de 2016 para a elaboración deste estudo. Traer ó pleno, nun prazo máximo de seis meses, os resultados deste estudo para que este poida decidir sobre a implantación do mesmo. >>

ábrese unha quenda de intervención.

Intervén María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Anuncia o apoio do seu grupo á moción. Sinala que están a favor de alternativas válidas para a depuración das augas.

Intervén José Norberto Uzal Tresandi (PPdeG)

Anuncia o apoio do seu grupo á moción. Son partidarios de que se estuden opcións válidas para a depuración.

Intervén Adelina Ces Quintáns (BNG).

Anuncia o apoio do seu grupo á moción. Invita aos concelleiros a acompañala á visita que ten previsto efectuar o equipo de goberno a instalación de depuración natural en Cerqueiros.

Intervén o Sr. Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.

Reitera á invitación aclarando que a visita será o venres pola tarde, polo que pide que se algún concelleiro está interesado en acompañalos que se poña en contacto co concello para contar coa súa presenza.

Non hai máis intervencións.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor:	DEZASETE	6 de BNG 5 de PPdeG 4 de PSdeG-PSOE 2 de Rianxo en común
Votos en contra:	NINGÚN	0 votos
Abstéñense de votar:	NINGÚN	0 votos

Adopta este acordo:

PRIMEIRO. Realizar un estudo para valorar as posibilidades de implantar sistemas de depuración natural.

SEGUNDO. Reservar unha partida nos orzamentos de 2016 para a elaboración deste estudo. Traer ó pleno, nun prazo máximo de seis meses, os resultados deste estudo para que este poida decidir sobre a implantación do mesmo.

8.5.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE SOBRE A FORMACIÓN DO CARNÉ DE MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS DE NIVEL BÁSICO.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo municipal PSdeG-PSOE M^a Carmen Figueira Ares xustifica a urxencia na importancia do asunto e as consecuencias no agro galego.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada por unanimidade dos 17 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A concelleira M^a Carmen Figueira Ares, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o 25 de Novembro do pasado ano so se poden vender fitosanitarios para uso profesional a titulares dun carné de aplicador-manipulador destes produtos tal como recolle o Real Decreto 1311/2012 de uso sostible de produtos fitosanitarios, como transposición da Directiva 2009/128/CE do Parlamento Europeo e do Consello pola que se establece un marco de actuación comunitario para conseguir un uso sostible dos praguicidas.

Conscientes da necesidade de racionalización do seu uso para reducir os riscos e efectos dos praguicidas na saúde humana e no Medio Ambiente é necesario que se facilite a formación das persoas que teñan necesidade de utilizalos.

En contraposición, a Xunta de Galicia non estableceu una oferta formativa axeitada para poder facer fronte á demanda existente por parte de persoas interesadas en adquirir este carné, nin desenvolveu ningún plan especial para facilitar a todos/as interesados/as o acceso á mesma.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Municipal dos Socialistas de Rianxo presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno:

Instar a Xunta de Galicia a:

1. Programar para o ano 2016 un plan especial e específico, de xeito inmediato, que dea resposta á demanda de tódalas persoas que queiran acceder a formación precisa para obter o carné de Manipulador de Produtos Fitosanitarios de Nivel Básico.>>

Ábrese unha quenda de intervención.

Intervén Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Anuncia o apoio do seu grupo á moción. Lembra a importancia de que a xente coñeza ós produtos que utiliza e como utiliza-los.

Intervén José Norberto Uzal Tresandi (PPdeG).

Anuncia o apoio do seu grupo á moción coa matización de que se sigan programando cursos de formación (procede da dar lectura dos diversos cursos de formación programados pola Xunta de Galicia para obter o carné de manipulador de produtos fitosanitarios).

Intervén Adelina Ces Quintáns (BNG).

Anuncio o apoio do seu grupo á moción. Anuncia que existe unha demanda, no concello, de locais para efectuar estes cursos por parte de empresas privadas e que estase a negociar a posibilidade de non cobrar aluguer a cambio de que a veciñanza poda matricularse gratuitamente (lembra que o curso que tivo lugar mais cerca de Rianxo foi en Santa Comba).

Intervén María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Sinala que está de acordo con que se sigan programando cursos e que sexan na nosa comarca. Di que hai outro xeito de cultivar.

Non hai máis intervencións.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor:	DEZASETE	6 de BNG 5 de PPdeG 4 de PSdeG-PSOE 2 de Rianxo en común
Votos en contra:	NINGÚN	0 votos
Abstéñense de votar:	NINGÚN	0 votos

Adopta este acordo:

UNICA. Instar a Xunta de Galicia a:

Continuar programando para o ano 2016 un plan especial e específico, de xeito inmediato, que dea resposta á demanda de tódalas persoas que queiran acceder a formación precisa para obter o carné de Manipulador de Produtos Fitosanitarios de Nivel Básico.

8.6.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL BNG.- 8 DE MARZO.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A concelleira do grupo municipal BNG Hadriana Ordoñez Otero xustifica a urxencia pola data de celebración do Día da Muller Traballora

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada por unanimidade dos 17 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A concelleira do grupo municipal BNG Hadriana Ordoñez Otero, lee a moción.

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Van xa 159 anos desde que aquel 8 de marzo de 1857 un grupo de obreiras textis saíse á rúa de Nova York para protestar polas súas condicións laborais. Hoxe en día, esta data reivindica e simboliza a loita incansábel das mulleres do mundo na defensa dos seus dereitos laborais e a defensa da igualdade.

Neste marzo de 2016 a realidade continúa a evidenciar que a crise agravou a situación de desigualdade e precariedade das mulleres. Diante do discurso falaz da igualdade conseguida diferentes estudos, informes e enquisas recollen datos sobre a crecente situación de precariedade laboral e traballo vulnerábel que viven as mulleres galegas. A fenda salarial segue a ser unha realidade aínda por combater diante da que as institucións non interpoñen medidas. Ademais, son as mulleres que lideran as estatísticas de emprego temporal e parcial. No que atinxe ao traballo non remunerado, as desigualdades no reparto das responsabilidades

repercuten negativamente sobre as mulleres que tamén sobren a sobrecargas derivada da redución do apoio ás necesidades de coidados.

As políticas austericidas do PP frearon a posta en marcha de medidas de igualdade, tanto no referido á lexislación como á realización de programas concretos. Por exemplo, a paralización da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza. Con esta inacción o goberno da Xunta incumpre o seu compromiso de integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade real no ámbito laboral. A falta de vontade política é tal que continuamos a agardar pola posta en marcha de políticas tan necesarias e reclamadas social e politicamente como medidas que melloren o emprego feminino.

Diante disto, é obriga para os concellos, a institución máis achegada á veciñanza, comprometerse na presións ás institucións directamente responsábeis de poñer en marcha políticas que revertan a desigualdade laboral das mulleres.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguintes:

ACORDOS

1. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a dar cumprimento ao artigo 37 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza e elaborar un Plan galego de emprego feminino que inclúa, entre outras medidas, axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres con especial atención ás mulleres mozas e ás de máis de 45 anos e a creación dunha Renda de Inserción Laboral para mulleres desempregadas de máis de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior a 30 anos de cotización e que tivesen esgotado as prestacións.

2. Instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan de corresponsabilidade que inclúa actuacións para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar conforme a lexislación vixente.

3. Apoiar publicamente a chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais con motivo desta data..>>

Ábrese unha quenda de intervención.

Intervén Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son). seguir instando e impulsando seguir instando e impulsando

Anuncia o apoio do seu grupo á moción. Sinala que xa é unha moción clásica e pide que o goberno apoio con feitos as medidas que se propoñen na moción.

Intervén María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Anuncia o apoio do seu grupo á moción. Pide que non se exclúa á parte masculina xa que, como muller, non quere que lle trate distinto que a un home.

Intervén José Norberto Uzal Tresandi (PPdeG).

Anuncia o apoio do seu grupo á moción se se acepta a seguinte transaccional: “seguir instando e impulsando”.

Argumenta a favor desta transaccional o seguinte:

“A Comunidade Autónoma de Galicia reforza, a través do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, (DOG 17 febreiro 2016) texto refundido, o seu compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade, e atribúelle a maior efectividade posible, no seu eido de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos sexos, de conformidade coas obrigas impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

IGUALDADE LABORAL

A Xunta de Galicia está abordando o apoio á igualdade e a conciliación laboral como unha das súas prioridades nos distintos programas de incentivos á contratación, así como nos programas de fomento das entidades de economía social, ou en programas formativos, como o programa executiva, co desenvolvemento de accións orientadas á mellora da empregabilidade e á promoción das profesionais galegas, potenciando o liderado feminino no ámbito profesional.

Para o fomento da igualdade laboral, a Xunta está convocando (<http://xunta.es/dog/Publicados/2015/20150430/anuncioCA05-230415-0001.gl.html>) axudas destinadas ás Pemes:

- para a implantación de plans de igualdade
- para investimentos tendentes a garantir e mellorar o dereito á conciliación da vida familiar e laboral.
- Para investimentos tendentes á eliminación da infrarepresentación feminina nos eidos laborais ocupados predominantemente por homes.

MEDIDAS EN FAVOR DA CONCILIACIÓN FAMILIAR

Os recursos económicos destinados á área de Familia, Infancia e Conciliación duplicáronse entre os anos 2009 e o 2016.

No ano 2015 a administración autonómica impulsou o **PLAN GALEGO DE POLÍTICA FAMILIAR 2016-2020**. Coa elaboración deste plan o Goberno da Xunta de Galicia quere dar cumprimento ás previsións contidas no artigo 5 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

O Plan Galego de Política Familiar atende aos dereitos sociais fundamentais que repercuten directamente na vida familiar: o emprego, a vivenda, a sanidade, a educación e a protección social recollidos na recomendación do Comité de Ministros aos Estados Membros sobre políticas de apoio á parentalidade positiva.

Para a consecución dos citados obxectivos, dende os diferentes departamentos da Xunta de Galicia programáronse 186 medidas que se agrupan en seis áreas de actuación, cunha Área de actuación específica (a número 3) sobre Conciliación persoal, familiar e laboral cuxos obxectivos son:

- Dar a coñecer ao empresariado os beneficios da conciliación da vida persoal e laboral.
- Reforzo dos mecanismos de protección dos dereitos sociolaborais das traballadoras e traballadores con responsabilidades familiares.
- Fomento dos servizos de atención a nenos/as como ferramentas de apoio á conciliación, poñendo especial atención naqueles destinados a proporcionar atención educativa de 0 a 3 anos.

A maiores, o Goberno Galego puxo en marcha o PAN (Programa de Axuda á Natalidade), onde unha das súas áreas é o PAN-Concilia que impulsa o desenvolvemento de medidas que faciliten o acceso e a permanencia no mercado de traballo; mediante a posta a disposición de recursos que lles permitan compatibilizar o seu desempeño profesional coas labores de atención ao fogar e co coidado dos fillos e fillas.

Neste sentido, a Xunta propónse avanzar na corresponsabilidade da administración pública e das empresas no desenvolvemento de medidas de conciliación e fomentar a **posta en marcha de escolas infantís en polígonos industriais e parques empresariais** no convencemento de que esta iniciativa pode contribuír a crear contornos laborais máis atractivos e eficientes e a que os galegos e galegas poidan compatibilizar mellor a súa vida laboral e familiar.

Isto significa **que o noso país sitúase xa á vangarda das Comunidades con máis axudas á Familia e á Infancia.**

Medidas a favor da conciliación que leva a cabo o Goberno galego:

- Incremento da oferta de prazas na Rede Galiña Azul de escolas infantís 0-3 anos, creando case 3.900 novas prazas, incrementando a rede pública nun 60%.

Actualmente, Galicia dispón de máis de 20.500 prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos, de xeito que hoxe ofrecen cobertura superior á ratio da Unión Europea (un 33%). No 2009 a ratio de cobertura era do 19%, 14 puntos por debaixo das recomendacións en materia de conciliación marcados pola Unión Europea.

- **As nais e pais galegos non teñen que pagar as escolas infantís a partir do segundo fillo e moitos outros non teñen que pagar nada en función das súas condicións económicas.**
- Inicio do proceso de formación das persoas que poderán encargarse da xestión das Casa Niño, como novo método de conciliación para complementar a oferta das escolas infantís no ámbito rural (Lugo e Ourense). Un servizo de atención a nenas e nenos de ata tres anos de idade en pequenos grupos, de xeito flexible e con garantías de seguridade e calidade que se levará a cabo por parte de persoal acreditado no seu propio domicilio ou nunha vivenda habilitada para tal fin.
- Incorporación da flexibilidade do horario laboral e o teletraballo no ámbito do persoal da función pública galega, beneficiándose 7.100 traballadores públicos, dos que 762 teñen concedida a flexibilidade por conciliación.

- Ampliación do **bono concilia** para que todos os pais e nais que queiran levar aos seus fillos a unha escola infantil -e non teñan praza nunha da Xunta- reciban unha axuda.
- Poremos en marcha o **bono coidado**. Un novo recurso de conciliación a disposición das familias co que os nenos e nenas poderán dispoñer de atención personalizada a domicilio prestada por unha persoa coidadora acreditada.

OUTRAS MEDIDAS EN FAVOR DA CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE IMPLANTADAS DENDE A SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE

1. Anualmente a S.X da Igualdade convoca axudas para homes que reducen a súa xornada laboral para o coidado de fillos/as menores de tres anos (ou menor de 12 anos no suposto de que padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33%).

As contías percibidas van dende os 1.600 aos 3.600 euros, en funcións da porcentaxe de redución da xornada e do número de menores ao seu cargo.

O orzamento adicado dende 2009 a 2015 foi de 3.665.323,5€.

O número de persoas beneficiarias destas axudas foi de 1.560:

- 1.177 homes, o que supón o 75% do total.
- 383 mulleres, o que supón a 25% do total.

2. Anualmente tamén se está convocando outra orde de axudas destinadas aos concellos e concretamente unha das liñas subvencionables é para Programas de fomento da conciliación.

No ano 2015 este Programa de fomento da conciliación estivo dotado con 500.000€ (o que supón un aumento de 194.937 €, o 64½ máis, que no ano 2014). Del beneficiáronse 41 concellos.

3. A LIÑA CONCILIA do Programa EMEGA para o fomento do emprendemento feminino.

É un programa de apoio á conciliación do exercicio profesional coa vida persoal e familiar dirixido ás empresas nas cales existan promotoras con fillos/as menores de tres anos, para favorecer o exercicio profesional das emprendedoras que compatibilizan a súa actividade co exercicio da maternidade en idades temperás.

As axudas económicas van entre os 1.000 € e 8.000 € para as empresas

4. Axudas para as asociacións de nais e pais de alumnos/as dos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade, para a realización de programas de actividades extraescolares e complementarias.

Estas actividades deben estar dirixidas ao alumnado de educación infantil, primaria e de centros de educación especial e ter como fin contribuír á conciliación da vida familiar e laboral.

Esta liña de axudas contou cun financiamento de 250.000euros.

Unha das singularidade da convocatoria para este curso escolar é que priman aqueles programas que contemplan de xeito específico a realización de actividades ou accións de sensibilización dirixidas a promover a Igualdade e a prevención da violencia de xénero. A contía das axudas poderá acadar ata un máximo de 6.000 € por entidade. ”

Os portavoces dos grupos políticos mostran o seu acordo coa transaccional.

Non hai máis intervencións.

A continuación vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor:	DEZASETE	6 de BNG 5 de PPdeG 4 de PSdeG-PSOE 2 de Rianxo en común
Votos en contra:	NINGÚN	0 votos
Abstéñense de votar:	NINGÚN	0 votos

Adopta este acordo:

PRIMEIRO. Instar ao goberno da Xunta de Galiza a seguir instando e impulsando o cumprimento ao artigo 37 da Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galiza e elaborar un Plan galego de emprego feminino que inclúa, entre outras medidas, axudas específicas para a creación de empresas femininas de mulleres con especial atención ás mulleres mozas e ás de máis de 45 anos e a creación dunha Renda de Inserción Laboral para mulleres desempregadas de máis de 50 anos, cunha vida laboral igual ou superior a 30 anos de cotización e que tivesen esgotado as prestacións.

SEGUNDO. Instar ao goberno da Xunta a elaborar un Plan de corresponsabilidade que inclúa actuacións para facilitar a conciliación da vida persoal e familiar conforme a lexislación vixente.

TERCEIRO. Apoiar publicamente a chamar á participación das veciñas e veciños nos actos e reivindicacións das organizacións e colectivos feministas locais e comarcais con motivo desta data.

9 ROGOS E PREGUNTAS

intervén o Antonio Castro Castro (Rianxo en Común – Son).

Pide que coa convocatoria das comisións informativas se remita xa toda a documentación incluída no expediente.

Pide tamén que se valore o xeito de darlle unha solución ao cruce de Tanxil (propón a instalación dun espello).

Pregunta polas paradas fora das paradas establecidas para elo de autobuses escolares de, ao parecer, colexios concertados; pola data prevista para elevar ao

Pleno do Concello os orzamentos para o 2016; o custe e a necesidade das asesorías xurídicas durante o ano 2015; o gasto durante o ano 2015 en avogados, procuradores e taxas e costas xudiciais; polo dispensario médico de Taragoña; se se vai a participar no Plan de Aforro e Inversión da Deputación (sinala que non sería unha mala ferramenta para intentar solucionar o tema do alumeadado público); polo verquidos de augas residuais que se supoñen que proceden de bombeos que non dan abasto; e, en relación cos verquidos, qué procedemento que se está seguindo para solucionar-lo

intervén María del Carmen Figueira Ares (PSdeG-PSOE).

Pregunta se se pode cambiar o espello de Quintáns, que está roto; polas árbores da pista polideportiva de Outeiro de Arados; e se se pode establecer estacionamentos reservados ás familias nas igrexas os días de enterramento.

Intervén José Norberto Uzal Tresandí (PPdeG).

Pregunta se se poden tapar os buracos en Souto; pola previsión de datas para elevar ao pleno a aprobación dos orzamentos para o 2016; e se se pesan adoptar medidas contra os ataques dos xabarís.

Intervén o Sr. Alcalde, Adolfo Muíños Sánchez.

Responde sobre os ataques do xabarín que hai unha petición de batida e que caza-los ou non xa depende da pericia dos cazadores e non do concello; aclara que os orzamentos traeranse tan pronto como se termine súa elaboración; sobre as árbores derrubadas, sinala que estase investigando a súa propiedade para garantir que o que se cortou é público; sobre os verquidos sinala o problema agudízase coas enchentas xa que rede se colapsa e que a solución sería un tanque de tormentas na zona portuaria; engade sobre este tema que cada vez que hai un verquido levántanse actas para ter constancia de que está pasando; respecto dos asesores sinala que teñen encomendada a defensa en xuízo (a representación procesual do concello) e que trátase dun contrato menor; respecto do transporte escolar, fálase coas empresas para evita-lo; respecto do centro médico de Taragoña sinala que hai que reparar ou cambiar a cuberta e allanar con zorra; sinala que en cumprimento do Pacto Local, estase a traballar na cesión do dito centro ao Sergas e para iso é necesario que a asociación que cedeu a parcela ao concello acredite que o concello levantou alí un centro de saúde (só así pode inscribirse a titularidade municipal da parcela, requisito que require o SERGAS para continuar coa tramitación do expediente).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 23:40 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

Como secretario dou fe.

O Alcalde.

o secretario

Adolfo Muíños Sánchez

Dalmiro Núñez Méndez